



Prácticas
Restaurativas

PRACTICAS RESTAURATIVAS

ALGO MAIS QUE UN MODELO DE CONVIVENCIA

Charla Informativa

A Coruña

02/05/18

XUSTIZA RESTAURATIVA

É unha resposta, e unha actitude, fronte o conflito no que, a diferenza da xustiza retributiva, reivindica a visión da vítima e da comunidade no proceso de administración de xustiza.



As TRES "R":

Responsabilización do/a infractor/a

Reparación á vítima

Restauración do dialogo e das relacións

XUSTIZA RESTAURATIVA



Ten basicamente tres obxectivos:

- 1) Atender as necesidades das vítimas
- 2) Instar a agresores a asumir responsabilidades (e a reparar o dano)
- 3) Incluír no proceso ás vítimas, agresores e comunidade.

	X. ORDINARIA OU PENAL	X. RESTAURATIVA
DELITO	Infracción á normativa ou lei	Conflicto entre persoas
CULPA VS RESPONSABILIDADE	Individual	Social
CONTROL	Sistema penal (disciplinario)	Comunidade
PROTAGONISTAS	Infractor e o Estado (dirección)	Vítima, vitimario e comunidade
PROCEDEMENTO	Xudicial (sancionador)	Diálogo (acordos)
FINALIDADE	Probar o delito (falta) Establecer culpabilidade Aplicar castigos ou sancións	Resolver conflitos Asumir responsabilidades Reparar o dano
TEMPORALIDADE	Focalizado no pasado	Focalizado no futuro

RESUMINDO

O **proceso de diálogo** é a gran diferenza entre a Xustiza Restaurativa e a Xustiza Retributiva.

Este diálogo permite ás persoas analizar quen foi danado, como, e que se debe facer para repararalo dano.

- **Á vítima** permitíralle expresar directamente ó ofensor os seus sentimentos (dor, medo, angustia...) e contribuír deste xeito a superar o impacto do acontecido.
- **Ó agresor** permitíralle ser máis consciente do dano causado, asumir a súa responsabilidade e reparar o dano causado.
- **Á comunidade** permitíralle ser parte activa do proceso.

PRÁCTICAS RESTAURATIVAS

As Prácticas Restaurativas son unha maneira de pensar e ser, enfocada en crear un espazo seguro para ter conversas reais que afondan nas relacións e constrúen comunidades conectadas e, polo tanto, máis fortes.


HIPÓTESE

A hipótese fundamental das Prácticas Restaurativas é que as persoas somos máis felices, máis cooperadoras, produtivas e temos máis probabilidades de facer cambios positivos no noso comportamento, cando aquelas que están en posición de autoridade fan as cousas **CON** elas, en lugar de **CONTRA** elas ou **PARA** elas.

OBXECTIVO

Fortalecer as relacións entre as persoas que forman unha comunidade e manexar as tensións e conflitos a través da reparación do dano e a restauración das relacións.

0 TRIANGULO DA PREVENCIÓN



Temos pouco tempo para crear comunidade

Os pequenos problemas deixámoslos pasar ou
poñemos parches

A convivencia céntrase en
afrontar problemas graves




DISCIPLINA TRADICIONAL



XANELA DA DISCIPLINA

Máis alá de ideas tradicionais...

- ❑ Se quedamos no control non chegaremos a conectar con elas.
- ❑ Se tan so damos apoio, non fomentamos a súa responsabilidade.
- ❑ Se non facemos nin o un nin o outro, mellor non participar...
- ❑ Para dar unha resposta axeitada, debemos aportar moito control e tamén moito apoio.



Adaptado por Paul McCold y Ted Wachtel de Glaser, 1969

Isto servenos para calibrar as nosas actitudes, e no caso de non estar onde desexamos, poder revisalas...

PROCESO XUSTO

“...as persoas teñen maior probabilidade de confiar e cooperar libremente con sistemas -gañen ou perdan dentro de eses sistemas- cando observan un proceso xusto.”

(W. Chan Kim & Renee Mauborgne, Harvard Business Review, Xaneiro 2003)

Participación
Explicación
Claridade de Expectativas

O QUE NON É O PROCESO XUSTO

Decisións por consenso

Non busca alcanzar a harmonía

Non se propón obter o apoio das persoas a cambio de compromisos que se adapten as opinións, necesidades ou intereses de todas as persoas

Democracia dentro do sistema escolar

Persoas en posición de autoridade renunciando a súa responsabilidade de tomar decisións

O PROCESO XUSTO CONSTRÚE ...




TEORÍA DOS AFECTOS



A VERGOÑA

Cómo actuamos cando
temos vergoña?



COMPÁS DA VERGOÑA

Illamento: tendemos a saír correndo, tapar a cara, tomar distancia, física ou emocional da situación.

ATAQUE A UN MESMO

Negación: non recoñecer o que pasa. Non aceptar a realidade.



Ataque a outras persoas: calquera forma de ataque, sexa físico ou verbal.

ATAQUE A OUTROS

Ataque a unha mesma: pode ir dende os pensamentos negativos ata as autolesións.

VERGOÑA

Vergoña Estigmatizante: Resposta do compás.

Saca ó agresor da comunidade e ponlle unha etiqueta. Esta persoa agora é unha mala persoa que cometeu un crime. Si é empurrada fora da comunidade, é previsible que se vexa involucrada en subculturas negativas que acepten o seu rol.

Vergoña Reintegradora: Resposta responsabilizadora.

Expresa desaprobación do acto pero non saca á persoa ofensora fora da comunidade. Este tipo de vergoña rexeita o acto, pero non á persoa. Permite e promove a reintegración na comunidade ofrecendo os apoios precisos para que isto ocorra.

ENTÓN QUÉ FACEMOS?

Podemos responder a outras persoas cando experimentan vergoña:

- ✓ **Escoitando o que teñen que dicir**
- ✓ **Estando presentes con elas sen intentar resolverlles o problema**
- ✓ **Reflexionando sobre o que causou o sentimento de vergoña**
- ✓ **Validando os seus sentimentos**
- ✓ **Animando a falar sobre a súa experiencia**

REPERTORIO DAS PRÁCTICAS RESTAURATIVAS

INFORMAL

FORMAL

A escoita

Declaracións afectivas

Preguntas restaurativas

Diálogo restaurativo

Círculos restaurativos

Reunións formais

A ESTOITA ACTIVA: EMPATÍA

«A Empatía é a capacidade de poñerse na pel da outra»

Non nos limitemos a facer cousas,
esteamos presentes.



PRA ESCOITAR BEN,
É MELLOR NON ...

Interromper

Criticar

Xulgar

Interrogar

Aconsellar

Quitarlle importancia

Ignorar

¿POR QUE?

- cando **Interrompo...** A outra persoa pode distraerse
- cando **Critico** ou **Xulgo...** A outra é xeralmente resistente a cambiar a súa forma de pensar
- cando **Aconsellamos...** Podemos dificultar que a outra chegue por si soa a unha boa solución
- cando **ignoramos** ou quitamos **importancia ...** A outra pode sentir que non nos importa o que nos está a contar
- cando **interrogamos...** A outra pode pensar que lle pedimos contas

PARA UNHA BOA ESCOITA

- Facer preguntas de aclaración.
- Estar interesada na perspectiva da outra.
- Parafrasear o que a outra dixo, facer un breve resumo.
- Reflectir sentimentos.
- Facer preguntas que axuden á persoa a falar.

REPERTORIO DAS PRÁCTICAS RESTAURATIVAS

INFORMAL

FORMAL

A escoita

Declaracións afectivas

Preguntas restaurativas

Diálogo restaurativo

Círculos restaurativos

Reunións formais

DECLARACIONES AFECTIVAS

Transformar as
mensaxes: “ti”
(culpabilizadoras),
a mensaxes : “eu”
(como me sinto)

A COMUNICACION NON VIOLENTA

A COMUNICACIÓN NON VIOLENTA (Marshal Rosenberg) é:

- unha forma de **ESCOITAR**, e de
- **EXPRESARSE**, é dicir, de
- **DIALOGAR**, que facilita a comprensión entre as persoas.
- Unha cousa que vai funcionar é identificar sentimentos e necesidades...



SENTIMENTOS E NECESIDADES

A **CNV** considera que os **SENTIMENTOS** son unha información que nos da o noso corpo respecto a unhas **NECESIDADES** que están, ou non, satisfeitas.

- Esta relación se decidirá caso a caso
- Que necesidade pode ser expresada?
 - rabia
 - medo
 - tristeza
 - alegría
 - ...

DECLARACIONES AFECTIVAS

Poñen límites

Imos dicir o **QUE NECESITAMOS** á outra persoa sen danar ó vínculo

Ofrecen retroalimentación

Imos **SER ASERTIVOS**: dicir o que sentimos **sen** agresividade nin pasividade

Ensinan empatía

Imos **PEDIRLLE RESPONSABILIDADE** á outra persoa e ó mesmo tempo ímoslle proporcionar **apoio** (expresamos como nos sentimos e facemos unha petición)

REPERTORIO DAS PRÁCTICAS RESTAURATIVAS

INFORMAL

FORMAL

A escoita

Declaracións afectivas

Preguntas restaurativas

Diálogo restaurativo

Círculos restaurativos

Reunións formais

PREGUNTAS RESTAURATIVAS

PARA A PERSOA QUE DANOU:

- ¿Que pasou?
- ¿Que estabas pensando nese momento?
- ¿Quen foi danado e como?
- ¿Que pensas agora?
- ¿Que pensas que debes facer para que as cousas queden ben?

PARA A PERSOA DANADA:

- ¿Que pensaches cando te decataches do ocorrido?
- ¿Que impacto tivo en ti e nas demais afectadas?
- ¿Que foi o máis difícil para ti?
- ¿Que pensas que debe pasar para que as cousas queden ben?

PREGUNTAS RESTAURATIVAS

CANDO NON TEMOS IDENTIFICADO VITIMA E AGRESOR

- ¿Que pasou e como te sentiches?
- ¿De que xeito contribuíches a esta situación?
- ¿Que precisas para que as cousas queden ben?
- ¿Que podes facer ti para que as cousas queden ben?

REPERTORIO DAS PRÁCTICAS RESTAURATIVAS

INFORMAL

FORMAL

A escoita

Declaracións afectivas

Preguntas restaurativas

Diálogo restaurativo

Círculos restaurativos

Reunións formais

DIÁLOGO RESTAURATIVO

O diálogo restaurativo é o proceso de invitar ás persoas a comprometerse e experimentar a súa propia viaxe restaurativa

Vídeo Acoso Escolar

REPERTORIO DAS PRÁCTICAS RESTAURATIVAS

INFORMAL

FORMAL

A escoita

Declaracións afectivas

Preguntas restaurativas

Diálogo restaurativo

Círculos restaurativos

Reunións formais

CARACTERÍSTICAS DUN CÍRCULO

Teñen facilitadora

Obxecto da palabra que se vai pasando

Tan só fala quen ten o obxecto

As que non falan, escoitan con respecto

Se cando chega o obxecto non está preparada, pode pasar

Roldas secuenciais ou aleatorias




OS CÍRCULOS

- FASES DUN CÍRCULO:
 - PREPARACIÓN: Explicar o obxectivo do círculo e como se desenvolve.
 - PREGUNTAS DE INICIO (rompe xeos): Crear confianza
 - PREGUNTAS TEMÁTICAS: Tema principal do círculo
 - PREGUNTA DE PECHE: Compromiso persoal ou resumo/consenso

TIPOS DE CÍRCULOS

- SECUENCIAIS
- NON SECUENCIAIS
- TANQUE DE PEIXES



PRÁCTICAS PROACTIVAS: CREAR COMUNIDADE


Como o facemos?

Creando relacións e vínculos e manténdoos se xa existen.

Fomentando a participación responsable.



CREAR VINCULOS: A ESCALEIRA DA PROVENCION



¿QUE NOS APORTA CREAR COMUNIDADE?

- Fainos sentir conectados e relacionados co grupo
- Fainos sentir parte dunha realidade máis grande que o noso propio “Eu”
- Reforza os vínculos, a confianza e o coñecemento que temos sobre os demais
- Axuda a PREVIR a maior parte de conflitos



CÍRCULOS

Igualdade

Seguridade e confianza

Responsabilidade

Lembra facilitar

Constrúe conexións

Sentido de pertenza

**A Cohesión do grupo é a mellor
forma de evitar os conflitos**

CÍRCULOS REACTIVOS

Conflicto: oportunidade para aprender a responsabilizarnos da nosa conduta, a dialogar sobre as emocións que nos xeran e a colaborar entre as persoas involucradas na busca solucións.

CÍRCULOS REACTIVOS

ELEMENTOS DUN CÍRCULO PARA TRATAR SITUACIONES CONFLICTIVAS:

VINCULAR: Establecer unha relación positiva que motive a dialogar xuntas (conversa previa e individual coas persoas involucradas)

CENTRAR O TEMA: Poñernos de acordo sobre o tema a tratar.

MOTIVAR PARA O CAMBIO: Propiciar que as participantes busquen ideas de mellora.

EXPECTATIVAS: Que xurdan propostas concretas individuais e grupais para resolver o conflito ou mellorar a situación.

APLICACIONES

- Ó comezo ou final duna clase, unha actividade, ... ou un período (día, semana, curso, ...)
- Sobre o contido do curso ou actividade
- Sobre as relacións interpersonais.
- Para alcanzar acordos respecto a algo.
- Para falar das metas ou logros que cada un se propón

SEGREDOS PARA Ó EXITO

Tema e obxectivo claros

Establecelo de xeito positivo

Manter o enfoque

Conseguir aliados

Todos entenden a razón pola que se fai

Ser optimistas sobre o resultado

REPERTORIO DAS PRÁCTICAS RESTAURATIVAS

INFORMAL

FORMAL

A escoita

Declaracións afectivas

Preguntas restaurativas

Diálogo restaurativo

Círculos restaurativos

Reunións formais

REUNIÓN RESTAURATIVA

- Reunión dirixida por unha «facilitadora» que xunta ás involucradas e afectadas nun incidente (alternativa ó sistema disciplinario ordinario). A facilitadora guía o proceso e rexistra os acordos do grupo, sen impoñer nin decidir nada.
- Interven en o/s infractores, as vítimas, persoas afectadas e persoas de apoio de ámbalas dúas partes
- Busca atender á vítima, responsabilizar ó agresor, restaurar as relacións, reparar o dano e asumir compromisos de futuro.

CANDO SE PODE FACER

Cando tanto os infractores como as vítimas aceptan de forma **voluntaria**, e os infractores teñan aceptado previamente **a súa responsabilidade nos feitos**.

Tan so pode facerse unha reunión por incidente

A prioridade son as **necesidades das vítimas**

PREPARACIÓN DA REUNIÓN

Entrevistas individuais con todas as persoas que participaran na reunión:

- Infractor ou infractores
- Víctima ou vítimas
- Persoas afectadas directa ou indirectamente
- Persoas de apoio da vítima
- Persoas de apoio do infractor

ESCOITAR EMPATICAMENTE Á PERSOIA:
¿Que pasou? ¿Como te sentes? ¿Que necesitas?

INFORMAR SOBRE O FUNCIONAMENTO E
OBJECTIVOS DA REUNIÓN:
¿Como afectou o incidente a cada persoa?
¿Que debemos facer para reparar o dano?

RESOLVER ÁS SÚAS DÚBIDAS E
ASEGURARSE QUE VAI PARTICIPAR DE
FORMA VOLUNTARIA

A REUNIÓN

A Facilitadora segue un GUIÓN preestablecido de preguntas a cada participante.

Este guión está formado polas preguntas afectivas, e céntrase en cómo foron afectadas as persoas e cómo se vai reparar o dano.

Compartir alimentos.

Compromisos de futuro e asinar os acordos Planificación dunha REUNIÓN DE SEGUIMIENTO para certificar que están a cumprirse os acordos.

MOITAS GRAZAS!

equipopsicosocial@arela.org
rpdelisn@gmail.com



Prácticas
Restaurativas